

1 MEIO RURAL

B3

(SIN DISCO)

ALTERNATIVA DE ATENCIÓN EDUCATIVA
PARA A ETAPA INFANTIL
NO MEIO RURAL GALEGO.

Con moita anterioridade á entrada en vigor da LOXSE, as conclusións de mestres pioneiros da renovación pedagóxica así como de investigadores nas ciencias da educación viñeron coincidir na importancia da etapa infantil (0-6 anos) no desenvolvemento do ser humano. Esta etapa estímase como decisiva para o desenvolvemento óptimo do individuo, xa que nela vanse fraguar tanto a súa personalidade como as súas capacidades. As estimulacións que o neno ou a nena reciban nestas idades van condicionar grandemente a súa futura evolución. É desde estas primeiras idades cando o sistema educativo debe asegurar as condicións para a igualdade de oportunidades.

A importancia desta etapa reconécese na actual Lei Xeral de Ordenación do Sistema Educativo. A partir da implantación da LOXSE establécese a etapa 0-6 anos co nome de Educación Infantil, dividida nun Primeiro Ciclo (de 0 a 3 anos) e un Segundo Ciclo (de 3 a 6 anos). Polo tanto, desde que esta última reforma entra en vigor, establécese o dereito de todo neno e toda nena a recibir atención educativa desde o momento do seu nacemento.

Mais, como trataremos de expoñer, a implantación real das novas directrices educativas no meio rural galego dista moito de encamiñarse a asegurar as condicións básicas mínimas desexábeis: as actuacións político-educativas e os esquemas actualmente vixentes contradínse moi frecuentemente cunha planificación axeitada á nosa realidade. Cremos que a *igualdade de oportunidades* para os nenos do meio rural galego -así como para a Galiza rural na súa globalidade- só se poderá acadar cando se comece a aplicar de xeito racional o actualmente tan espallado principio de *discriminación positiva*, coa súa necesaria e conseguinte mobilización de recursos.

ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL.

A atención á Educación Infantil vense facendo sen partir da base dun plano que englobe respostas a toda a problemática que afecta ao meio rural. Na actualidade, e á parte da escolarización dos nenos e nenas no segundo ciclo de Infantil, existen no meio rural galego dúas iniciativas que desde presupostos semellantes pretenden cubrir a atención a nenos nesta idade. Trátase, por unha banda, do programa *Preescolar na casa*, experiencia surxida vai para vinte anos da man dunha institución dependente da Igrexa Católica, e por outra do recentemente estreado programa galego *En familia*, auspiciado por tres consellarias e, ao parecer, nado cun cuantioso apoio económico e político por parte da actual administración. Tanto estas iniciativas como a oferta de escolarización para o segundo ciclo veñen funcionando até agora como proxectos parcelados e non coordinados entre si, con insuficiencias cada un en si mesmo e todos eles insuficientes no seu conxunto.

Primeiro Ciclo (0-3)

Preescolar na casa

O programa *Preescolar na casa* débese tanto á iniciativa de Cáritas diocesana de Lugo como ás aportacións de grande número de ensinantes e outras persoas defensoras do mundo rural cun elevado nivel de compromiso. Da súa longa e controvertida experiencia pódense entresacar aspectos útiles e valiosos.

Este programa, nacido nun principio para tratar de garantir o ensino preescolar -até 6 anos- naqueles lugares onde non houbera escola, foi progresivamente rebaixando a idade dos nenos atendidos, a medida que a oferta educativa se foi ampliando por abaixo, até o punto que é previsíbel que nun futuro próximo fiquen exclusivamente adicado a nenos de primeiro ciclo de Infantil.

A parte positiva da existencia de *Preescolar na casa* ven dada polo seu acerto en cubrir, ali onde o programa funciona,

unha serie de aspectos social e pedagóxicamente moi interesantes, como:

* A orientación e formación de pais como educadores, co que isto supón de revalorización e toma de conciencia da súa función na familia e na comunidade.

* A defensa inequívoca e constante do idioma galego como lingua veicular de ensino, e a revalorización da cultura popular do mundo rural.

* A oferta dunha posibilidade de socialización dos nenos e nenas pequenos, e tamén de pais e nais, nas parroquias.

Os obxectivos e a práctica cotiá do programa Preescolar na casa fan que se poida converter, na nosa perspectiva, no xermolo dunha alternativa válida para a intervención educativa no primeiro ciclo de Infantil que realmente poida chegar a cubrir todo o rural galego.

Sen embargo, a non pertenza á rede pública do programa, e a súa dependencia da entidade que o mantivo durante todo este tempo, comporta unha serie de eivas de funcionamento, tanto externas como internas, que veñen dificultar en certa medida o seu desenvolvemento e a súa implantación xeralizada.

É unha eiva a súa dependencia económica dun complicado sistema de subvencións e concertos con entidades públicas e privadas. Concretamente, e á parte de Cáritas, aportan fondos ou persoal as consellerías de Educación e Familia, o Ministerio de Asuntos Sociais, a filantrópica Fundación Bernard Van Leer, e os concellos de Friol, Guntín, Portomarin, Lugo, Palas de Rei, Monterroso, O Incio, Láncara, Sobrado dos Monxes, Toques, Melide, Santiso, Boimorto e Arzua.

Como consecuencia disto, a súa implantación é parcial no país. Nunca existiu un proxecto de xeralización da oferta do programa a todo o territorio rural galego, o que supón

inevitábeis situacións discriminatórias.

Á parcialidade da súa implantación podemos engadir a súa precariedade. Esta maniféstase, entre outros aspectos:

- * Na insuficiencia dunhas reunións de carácter quincenal cos nenos e coas familias, que se revelan como escasas para a socialización duns nenos e nenas cada vez máis privados no seu ambiente de relacións cos seus iguais.

- * Na existencia de múltiples locais de reunións insalubres debido á súa carencia das máis elementais condicións (auga, servizos, luz, calefacción).

- * Na ausencia de servizo de transporte para os nenos e familias. Nos numerosos casos de familias que non dispoñen de vehículos propios, recórrese á boa vontade dos mestres que, asumindo todos os riscos, realizan a función de transportistas.

En canto ás eivas que a nivel de organización interna se derivan da actual situación, poderíamos contar:

- * A diversidade de categorías salariais dentro do colectivo de orientadores e orientadoras. Realizando un mesmo traballo e tendo as mesmas responsabilidades, cobran a fin de mes soldos moi diferentes segundo se trate de funcionarios (en teoría, encargados do programa 3-6) ou persoal contratado (en teoría, do programa 0-3).

- * A existencia de vintedous mestres funcionarios da Consellería de Educación, en réxime de comisión de servizos, con todo o que isto significa, cuxa ausencia podería representar un golpe decisivo para a pervivencia do programa, se así o decidise en calquera momento a administración.

- * A inexistencia de participación dos ensinantes na xestión do programa no referido á elección dos seus responsábeis

(equipo de dirección, coordinadores coas zonas, etc.), circunstancia que fai traballar a funcionarios e contratados nunhas condicións incómodas, realmente alonxadas dos presupostos dun ensino público e democraticamente xestionado.

Estas circunstancias provocan que este programa, na súa configuración actual, represente un exemplo de como manter un servizo privatizado ao tempo que dependente de recursos públicos, e que polo tanto resulte dificilmente defendíbel desde presupostos impulsores do sistema público de ensino. Sen embargo, o tipo de intervención realizada e a bagaxe experiencial gañada durante a súa historia son elementos que deben ser aproveitados á hora de formular e levar adiante unha alternativa eficaz de intervención na etapa 0-3.

É, sinalamos, indefendíbel que un servizo tan básico como é o do desenvolvemento da etapa 0-3 quede a expensas de institucións caritativas privadas. Os recursos cos que funcionou e funciona o programa deben ser rendabilizados en beneficio do sector público, e esta experiencia educativa debe pasar - organicamente ou non- a ser xestionada polo mesmo nun futuro próximo.

O proxecto En familia.

Entre as Consellerías de Asuntos Sociais, de Educación, de Traballo e da Muller apoiase un programa que, coordinado polo *Instituto de Ciencias Humanas e Sociais*, estase comezando a divulgar e que aínda non se espallou suficientemente como para poder sometelo a unha crítica en profundidade. Este proxecto vai dirixido a proporcionar información e asesoramento ás familias de cara á súa función de crianza e educación dos nenos e nenas no período dos seis primeiros anos de vida. Consta de dúas partes: o programa *Criar*, dirixido ás familias con nenos de idades entre 0 e 3 anos, e o programa *Medrar*, para as idades entre 3 e 6 anos.

A sorpresiva aparición deste programa plantexa interrogantes

que xa de entrada o fan cuestionábel polos procedimentos empregados para a súa formulación e implantación. En nengún momento do proceso de elaboración se deu a debida información deste programa en ámbitos educativos que deberían ser uns dos seus primeiros coñecedores. Elaborouse este programa a partir do pechado deseño do mencionado *Instituto*, sen ser previamente analizado nen discutido por bases amplas de profesionais con experiencia educativa nen por outro tipo de organizacións e institucións con voz cualificada no tema.

Confecciónase un novo programa moi favorecido economicamente por parte da actual Administración. Proxéctase á marxe do xa existente *Preescolar na casa*, cuns obxectivos similares, para cubrir a atención a unha mesma etapa. Este feito é claro delator da total falla de intencionalidade dirixida a unha planificación xeral e unificadora de solucións e de recursos, e moito menos economizadora. Claramente volvémonos atopar con proxectos parceladores, montados desde seitores privilexiados do poder, que manexan ao seu criterio cuantiosos presupostos dos que carecen outros apartados máis primarios do ensino público.

Segundo Ciclo (3-6)

Na actualidade unha parte considerábel de nenos e nenas de tres anos no meio rural reciben atención a través do programa *Preescolar na casa*. Hai que ter en conta que segundo tende a se incrementar a escolarización de nenos desta idade nas escolas e coléxios, nos últimos cursos estase a producir unha progresiva redución destes nenos atendidos no referido programa. A partir dos catro anos é escaso o número de nenos que participan en PnC, tratándose na maioría dos casos de situacións excepcionais (doenzas, caréncia de transporte, etc.).

A escolarización dos nenos a partir dos tres anos.

A grande maioría dos nenos escolarizados no segundo ciclo sofren condicións lamentábeis. Non son frecuentes os casos que

reúnan as condicións mínimas. Podemos aportar centos de situacións nas que:

- * Os centros carecen de infraestrutura axeitada.

- * Mestúrase un excesivo número de nenos de distintos niveis para seren atendidos por un só docente.

- * Padecen en moitos casos excesivas horas de sesión escolar nos comezos, sobre todo cando os pais non dispoñen de meio de transporte para desprazalos nos horarios oportunos.

- * Existen nenos e nenas escolarizados en grandes concentracións, que sofren desde a idade máis temperá os efectos dun transporte escolar excesivo e inaxeitado, do desarraigo do seu meio afectivo e natural, e da masificación.

Os nenos de tres anos en situación discriminatória.

Onde non exista un plano xeral que garanta a atención a todas as familias que desexen á atención escolar para os seus fillos prodúcense as situacións máis diversas e arbitrarias:

- * Unha proporción considerábel de nenos e nenas desta idade son atendidos mediante o programa *Preescolar na casa*, o que supón para estes nenos unha desvantaxe a respecto dos que teñen escola próxima, en canto a que é moi limitada a súa experiencia de relación cos seus iguais, e polo tanto de socialización. Non se pode considerar suficiente o desenvolvemento que pode adquirir nuns encontros distanciados quince días.

- * Os nenos de zonas non cubertas polo programa PnC sofren a maior desvantaxe, desde a primeira infancia levan a eiva da desigualdade. Son de suliñar aqueles casos que chegan con catro anos á escola, na que se van atopar con nenos que levan un curso de relación, sen nengunha experiencia de comunicación con grupos de nenos.

ALTERNATIVA.

Unha alternativa para a infancia do medio rural, dadas as limitacións nas que este sobrevive, non se pode reducir a unha planificación estritamente escolar. Trátase dun extenso cometido que sobrepasa ás exclusivas competencias da Consellería de Educación. Isto supón a coordinación da política educativa dentro dun conxunto de actuacións administrativas máis amplo que asuma o desenvolvemento xeral do mundo rural galego.

Para a supervivencia e rehabilitación deste mundo precísase dun esforzo coordinado desde diferentes sectores que, de xeito transversal e integrado nun plano xeral de desenvolvemento rural, recolla propostas e enmarque eidos de actuación a partir dos estudos realizados sobre as necesidades de cada zona.

En todo caso, con ou sen Plano de Desenvolvemento, desde o punto de vista que nos ocupa, albíscase a necesidade dunha serie de actuacións urxentes en relación coas exixencias educativas neste medio.

Oferta de atención no 1º Ciclo (0-3 anos)

En función da tan arelada igualdade de oportunidades tanto de acceso como de medios e resultados educativos cremos necesaria a implantación da atención ao 1º Ciclo de Infantil desde o sistema público, de xeito que se garanta unha asistencia xeralizada e igualitaria a unha infancia que vive nun medio desfavorecido. A incorporación deste primeiro ciclo ao sistema de ensino público ten que ser o primeiro paso para que realmente se amplien os presupostos orientados á unha renovación educativa de calidade.

Facémonos conscientes de que o tipo da intervención institucionalizada neste ciclo plantexa problemas, principalmente

debidos a:

* O contexto familiar e local, e polo tanto non escolar, na que esta debe tomar lugar.

* As características propias da poboación no rural: espallamento, envellecimento, peculiaridades socio-culturais, etc.

* O tipo de intervención marcadamente multifactorial, que debe dar relevancia a aspectos como os sanitarios, nutricionais, psicolóxicos, etc.

A pesar dos problemas que poida plantexar, coidamos que integración efectiva do 1º Ciclo no sistema educativo xeral é o único procedemento para posibilitar un proceso de continuidade entre o 1º e o 2º ciclos dunha etapa evolutiva tan intensa e complexa como é a infantil. Por este mesmo procedemento é viábel unha transición coordinada e progresiva entre a fase anterior á escola e á fase propiamente escolar.

Unha alternativa viábel para este Ciclo, dada a súa complexidade e a súa relativa novidade, debe ser abordada desde unha perspectiva realista. Pero en consideración á súa importancia, debe ser necesariamente ambiciosa nos obxectivos.

Á parte do xa exposto, para a formulación da intervención educativa nesta idade desde o sector público e no medio rural fundámonos noutros dous puntos referénciais:

1.- A mencionada experiencia desenvolvida polo programa *Preescolar na Casa* durante 20 anos no noso País en canto á atención de nenos e familias deste ciclo. Tamén, aínda que de xeito mais secundario, baseámonos noutros proxectos desenvolvidos en contextos socio-culturais e económicos diversos: desde os clásicos norteamericanos Head Start ou Portage Project até o máis recente programa "Educa a tu hijo", en funcionamento na

actualidade na República de Cuba, no meio dunhas precárias condicións económicas.

O tipo de intervención na familia que deseñamos recolle importantes aportacións destas experiencias.

2.- Tomamos tamén como referencia básica a necesidade sentida por nais e pais do meio rural sobre o acceso ao mundo laboral externo ás explotacións agrícolas e gandeirás familiares. Esta circunstancia enmárcase na necesaria diversificación de ingresos á que de xeito inevitábel se ven abocadas as economías das familias rurais.

O tipo de atención en centros zonais pretende aportar solucións a este feito.

Concreción do modelo.

Unha vez asumida por parte da Administración a incorporación deste primeiro ciclo ao sistema do ensino público, deberíase establecer unha dobre oferta educativa que se viria concretar na elección por parte das familias entre unha destas dúas posibilidades:

- a) Atención no meio social e familiar.
- b) Atención en Centros infantis zonais.

A) Atención no meio social e familiar (Intervención local).

Plantexamento xeral.

A implicación da familia na educación dos seus fillos ten que ser parte esencial dun programa que queira asentarse na actualidade pedagóxica. Se isto é fundamental para calquera das etapas, nesta etapa e enste ciclo faise imposíbel a mínima intervención se non é contando coa participación dos membros que forman o contorno familiar e social do neno ou da nena. A intervención da familia supón unha difícil tarefa, tanto pola suacomplexidade coma pola sua amplitude. Para que esta laboura se verifique con tino requirense dous aspectos debidamente conxugados: a preparación das persoas que se ocupan directamente

do neno ou da nena, e unha coordinación viva e dinámica co docente responsábel destes.

Plantéxase neste caso a necesidade dunha dobre acción mediante un procedemento totalmente interactivo: orientación dos pais e traballo directo cos nenos deben ser cometidos do docente especializado nesta etapa. Dita acción só se pode concebir a partir dun proxecto educativo para esta etapa disposto desde a administración educativa.

Esta via de acción formativa nas familias do meio rural, ademais de asegurar o desexábel desenvolvemento do neno, ten influencia cultural para os adultos da comunidade en xeral, aporta unha canle de desenvolvemento personal para moita xente, un estímulo vivificador do seu meio, así como un reforzo para sosterse arrigados neste.

Un tipo de intervención como o aquí apuntado non é afortunadamente novo de todo na Galiza, polo menos nunha grande parte do seu meio rural. Unha reformulación da mesma desde o sistema público debe supor a superación das graves eivas de múltiple orde coas que Preescolar na Casa vén funcionando: reunións demasiado espaciadas coas familias e os nenos, cobertura limitada, ausencia de incardinación planificada no sistema educativo, locais inaxeitados, dependencia dunha organización privada e confesional, ausencia de xestión transparente e participativa, diferencias salariais entre os orientadores, etc., pero tendería a seguir en boa parte o camiño aberto polas persoas que idearon esta experiencia e tomaron parte nela.

Recursos.

As necesidades dos nenos e das familias do meio rural son múltiples e diversifícanse conforme os sistemas de vida se van complicando. Trátase de dar un conxunto de solucións que converxan todas elas nun senso integrador do desenvolvemento global do neno dentro do desenvolvemento global do seu meio. Todas as medidas téñense que orientar ao reforzo da intervención

familiar así como ao desenvolvemento social e familiar do neno e da nena a través do contacto cos seus iguais. Este desenvolvemento hai que fomentalo a partir dunha periodicidade de encontros, coa maior frecuencia posíbel. Para tal tarefa requírese un novo proxecto educativo coa debida dotación de recursos humanos e materiais.

A) Recursos humanos.

O contido educativo deste ciclo e a súa coordinación cos ciclos superiores aconsellan que os educadores encargados deste ciclo sexan mestres con formación específica en canto á etapa infantil, formación de adultos e atención no mundo rural. A intervención local contaría coa colaboración programada e institucionalizada de profesionais sanitarios (matronas, médicos, ATS) e doutros eidos de interese.

* O personal docente dedicado a esta etapa ten que estar capacitado co mesmo nivel de especialización que o dedicado ao segundo ciclo, en canto ao grado académico na súa formación pedagóxica. En todo caso, e mentres os plans de formación do profesorado de E. Infantil non se actualicen, os mestres dedicados ao 1º ciclo terían que recibir previamente unha preparación específica que lles permita profundizar nos aspectos evolutivos e pedagóxicos propios destas idades.

Non se pode confundir o papel do educador co do coidador nin co do pediatra; ningún substitúe a outro. No que corresponde á parte educativa, nas idades até tres anos, na que participan os nenos en encontros grupais, acompañados polas nais ou pais, o papel do educador é fundamental tanto para a formación das familias no seu cometido educativo como no traballo directo cos nenos. Este primordial cometido do educador implica que tanto o deseño coma o desenvolvemento do proxecto educativo para este ciclo ten que ser competencia total da Consellería de Educación.

b) Recursos materiais.

Para o desenvolvemento das reunións faise necesaria a dotación dun local coa debida infraestrutura en cada parroquia ou lugar estratéxico para as comunidades circundantes, dedicado a Centro Infantil Local de primeiro ciclo. Esta aula tería que acondicionarse con todos os requisitos legais e contar cun equipamento completo tanto de ludoteca como de biblioteca infantil e de pais.

Esta dotación posibilitaría múltiples servizos como:

- * A realización das reunións periódicas, establecidas no programa, das familias e dos nenos e nenas co mestre de infantil 0-3 encargado.

- * A realización dos encontros de nenos que libremente decidan as familias, sen a presenza do mestre. Isto potenciaría unha relación frecuente entre os nenos, converténdose no medio de socialización máis seguro e espontáneo.

- * Servir de centro cultural e recreativo para todos os nenos e nenas da comunidade nas diversas idades.

A ubicación idónea para este local, sempre que fora posíbel, deberíase procurar nas proximidades da escola, coa finalidade de compartir instalacións e recursos de todo tipo, así como para facilitar unha tarefa de coordinación e a intervención conxunta dos mestres de 1º e 2º ciclos. Esta condición é de moita importancia de cara a un plan de incorporación progresiva á escola para os nenos do 1º ciclo. Isto mesmo facilitaría unha incorporación gradual, por sesións parciais, adaptadas ás necesidades individuais. En xeral, para os nenos de menos de tres anos posibilitaríase un contacto espontáneo dos mesmos e das súas familias coa escola, unha aproximación que potenciaría a súa relación social cos nenos de diferentes idades, favorecendo considerábelmente o momento do seu comezo no período escolar. Sería este un procedemento seguro para verificar un proceso de continuidade entre os dous ciclos desta decisiva etapa, evitando

situacións de ruptura para o neno ou a nena nunha idade tan delicada.

Para a habilitación deste tipo de Centros Infantis Locais de primeiro ciclo poderíase contar con edificios xa existentes e desaproveitados para este fin: escolas vellas, aulas inutilizadas, etc. A utilización destes locais podería tamén compaxinarse con outros usos compatíbeis (aulas dentro de locais sociais parroquiais, por exemplo).

É precisa a dotación de medios de transporte subvencionados (pequenos vehículos, taxis...) para que as familias que o necesiten poidan realizar os desprazamentos cos nenos aos encontros.

B) Atención en Centros Infantis zonais (Casas Infantis zonais).
Plantexamento xeral

A mobilidade laboral das persoas residentes no rural así como a facilitación do acceso da muller ao mundo laboral extrafamiliar imposibilitarian en moitos casos o seguimento regular por parte das familias con nenos ou nenas do 1º Ciclo aos programas de atención no meio social e familiar. Cabe, pois, a planificación doutro xeito de atención fóra deste, compatíbel até onde se poida cos horarios e outras exixencias laborais dos pais.

Esta segunda opción basearíase na existencia dun tipo de centro infantil de 1º Ciclo ali onde as circunstancias povoacionais o aconsellasen, na maioría dos casos nas cabeceiras comarcais ou municipais. As principais funcións destes centros (*Casas Infantis*) poderían resumirse en:

a) *Educativas*. Os programas de atención temperá serían implementados nestes centros, aínda que sen a presenza directa e continúa dos pais, tal e como sucede na primeira das opcións.

A coordinación co 2º Ciclo, e por conseguinte co resto dos niveis educativos, quedaría garantida desde estas Casas Infantis.

b) *Asistenciais*. Estes Centros acollerían nenos e nenas desde a fin do permiso laboral por maternidade (3-4 meses) até cando menos a entrada dos mesmos en centros de 2º Ciclo. Axeitaríanse no posíbel ao horario laboral dos pais, e garantiríanse as condicións mínimas para unha estadia dos nenos e nenas nun ambiente seguro e san.

c) *Formativas de pais*. Superando a idea de gardaría, as Casas Infantis serían centros pedagoxicamente orientados e dinamizadores de actividades formativas das nais, pais e familia en xeral a respecto dos tópicos do Ciclo: saúde, alimentación, desenvolvemento psico-físico e relacional dos nenos, etc. Buscaríase como principal obxectivo o traballo conxunto e coordinado coas mesmas no relacionado con estes temas.

Recursos humanos e materiais

En función dos obxectivos anunciados, o persoal encargado destes centros serían tanto mestres especialistas como outro tipo de persoal auxiliar corresponsábel (limpadores, puericultores...) posíbelmente compartidos con outros servizos públicos locais.

O servizo de comedor é imprescindible, e sería igualmente conveniente a existencia de axudas ao transporte. As características do centro exixen unha compartimentación interna determinada (salas de descanso, pátios de xogo, lugares para recunchos de xogos...), pero ben poderían en algúns casos ser espazos rehabilitados próximos aos Coléxios Públicos (escolas unitárias, etc.) Por outra parte, buscaríase para o seu funcionamento o aproveitamento dos servizos sanitarios ou doutra orde xa existentes nas localidades.

2º Ciclo

Consecuencias do abandono das escolas unitarias.

A supresión progresiva das escolas unitarias na maioría das parroquias está supoñendo unha grave consecuencia discriminatória para moitos nenos de tres anos. O feito de non contar con escola na localidade nen de medio de transporte nos casos en que á escola lles queda lonxe do seu domicilio, ocasiona unha privación para seren escolarizados no seu momento. En moitos casos os nenos destas idades, con gran sacrificio dos mesmos e dos pais que os teñen que transportar a localidades distantes, estanse escolarizando nas grandes concentracións nunhas condicións moi inaxeitadas para esta etapa.

Aínda na actualidade, grande parte do peche das escolas realízase a causa da redución de matrícula provocada pola mesma Administración, como consecuencia da desacertada medida de trasladar aos nenos da etapa primaria ás grandes concentracións escolares, por non dotar as escolas unitarias cos debidos recursos de persoal e outras infraestruturas de tipo material. Esta falla de recursos na que se desenvolven as escolas unitarias fai que este xeito de escolarización resulte indesexábel para moitos pais que temen que en tais condicións non se impartan niveis de calidade.

Conservación ou recuperación das escolas unitarias.

Aínda que a redución do alumnado se acostuma a antepoñer, por parte da administración educativa, como razón motivadora da supresión das escolas, temos a evidencia de innumerábeis datos que nos mostran como se tomaron e se seguen a tomar medidas totalmente incongruentes. Tales determinacións foron na liña de encher as concentracións escolares a base de economizar recursos suprimindo escolas, sen ter para nada en conta os insalvábeis perxuizos para os nenos e para a sociedade rural galega.

Tamén temos datos que nos confirman que alí onde houbo sensibilidade para recoñecer a importancia deste xeito de

escolarización mantéñense con especial atención as escolas con mínimos de até cinco nenos. Na actualidade estas medidas protectoras estanse practicando con normalidade en numerosos puntos do territorio M.E.C. e de outras comunidades. Tamén en Galiza foron aplicadas con carácter excepcional e como concesión persoal dalgunha autoridade educativa.

A conservación ou a recuperación de escolas tíñase que levar a cabo ao facer unha reestruturación racional, no momento da planificación que esixe a Rede de Centros. Este plano teríase que facer en base ao establecemento duns requisitos mínimos con miras a garantir a calidade educativa nestas escolas.

Deberíase contemplar a posibilidade de manter na unitaria, nas debidas condicións, aos alumnos de primaria en moitos casos nos que o desprazamento supón perxuizos e noutros casos en que esta medida favorecería a conservación da escola. Entre as condicións mínimas referímonos a:

* Aulas espaciaosas e coa debida infraestrutura. Na maioría das escolas existentes teríase que engadir unha aula de usos múltiples que permitira simultanear actividades dos diferentes niveis. Así mesmo teríanse que dotar de espazos de recreo cubertos.

* Personal docente suficiente, respetando a proporción que corresponda ao número de niveis impartidos e asegurando o apoio de profesorado especializado nas materias establecidas pola Lei.

* Transporte de pequenos vehículos, nun réxime de consideración específica para os nenos da etapa infantil.

* Recursos compensatorios para desenvolver experiencias ampliadoras no aspecto da socialización, da comunicación, do intercambio... O reducido número de alumnos require unhas compensacións periódicas e frecuentes dirixidas ao desenvolvemento social do neno e a apertura a novos ámbitos:

encontros escolares entre os alumnos das escolas da zona, cos coléxios, convivencias, visitas a lugares de interese, excursións etc.

Neste senso, coas posibilidades que a informática depara na actualidade, non existen razóns para opinar que unha escola unitaria ten que padecer limitacións que condicionen a calidade do ensino que nelas se imparte. Antes ben podemos afirmar que se prestan as suas condicións para uns modelos educativos idóneos.

Servizo de pequenos comedores.

A necesidade de comedor vai parella á necesidade de centros de asistencia infantil. É preciso plantexar a alternativa dunha nova modalidade de comedores, para pequenos grupos de nenos de diferentes idades, naquelas comunidades rurais que o demanden. Se ben tales servizos poden ser financiados polas familias que o soliciten, a creación destes debería ser incumbencia das administracións responsábeis, tanto das locais coma de servizos sociais, Consellería de Traballo, da muller e outras con competencias na promoción e nos servizos do medio rural.